Di o Sr. Alcalde que <<este señor solicita un cambio de plaza, él tenía la plaza núm. 1 y quiere cambiarla por la plaza núm. 60, que está libre a día de hoy, con lo cual en la 60 quedaría su coche y la 1 quedaría libre en estos momentos. Esto pasó los trámites, la Mesa de Contratación.....>>

Sen máis intervencións, a Corporación por unanimidade dos dezasete membros asistentes, adoptou o seguinte acordo:

Vista a proposta da Mesa de Contratación para a concesión administrativa de Prazas de Garaxe no Subsolo da Praza de Abastos, en relación co escrito presentado polo titular da praza de garaxe número UN, D. Eloy González González, no que manifesta que habida conta de que hai vertidos constantes de augas sucias e que ocasionan graves prexuízos ó vehículo da súa propiedade, solicita o cambio para a praza número SESENTA, que se atopa libre.

ACORDAMOS:

PRIMEIRO.- Acceder ao solicitado por DON ELOY GONZÁLEZ GONZÁLEZ, pasando a ser titular da praza de garaxe número SESENTA e quedando libre a número UN, que era a que ocupaba anteriormente;

SEGUNDO.- Elaborar un novo contrato no que conste que o prazo de adxudicación contará desde a data que figura no documento administrativo de 28 de xullo de 2003.

A continuación o Sr. Presidente somete a votación a ratificación da inclusión na Orde do día do seguinte asunto sendo aprobada por unanimidade dos dezasete membros asistentes:

10.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á CREACIÓN E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DO BANCO DO TEMPO.-

Di o Sr. Alcalde que << esto fue a Comisión el Viernes, pero ya se había convocado el Pleno el día anterior, Jueves. La propuesta es acordar, por seis votos a favor e tres abstencións, ***a creación do Banco do Tempo e aprobación do seu Regulamento.***>>

Pide a palabra a Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Sra. Álvarez Diéguez, para dicir *“como ya vimos en la Comisión de Servicios Sociales, a idea que temos é poñer en marcha en O Barco un Banco de Tempo municipal. É un punto de encontro e fomento para que as persoas intercambien o seu tempo a través de tarefas puntuais e de coñecementos e servizos, no que o valor é o tempo das persoas e non a moneda nin o material. A súa finalidade, como todos os bancos do tempo, e conciliar a vida persoal, familiar e laboral da nosa comunidade; é un sistema recíproco onde de maneira sostible se relacionan todos os estamentos sociais prestándose cada un os seus coñecementos, servizos e axuda, e promove a unión social da nosa comunidade e simplemente traemos a este Pleno a súa aprobación.”*

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo para dicir *“en principio xa se deu conta de todos os detalles, máis ou menos, na Comisión, preguntarlle si vostede ten algunha proposta ou algo que puidera garantir dalgunha forma o éxito do servizo, porque a min esto pois lembroume cando se puxo tamén en funcionamento aquilo de compartir o vehículo e ó final pois non chegou a nada porque realmente a xente po is no Barco é unha poboación media, este é un sitio non pequeno pero o fin e ó cabo coñecémonos todos, e a este tipo de cousas pois tiñan sobre todo certo reparo, pero bueno a ver si cala e porqué non, está ben intercambiar servizos. Si que, como anécdota, quizás mellor pensando na propia redacción no artigo 4 *Intercambio de servizos: O intercambio de servizos consiste en acumular na conta corrente de cada unha das persoas usuarias...* eso de conta corrente hoxe pois hai que ter coidado, pódese interpretar daquela forma, que estamos falando de bancos....”*

<<No son preferentes eh!>> **di o Sr. Alcalde.**

“Xa –di o Sr. Blanco Paradelo- pero hai que ter moito coidado a veces. Insistimos ou insisten os políticos de altos vuelos en facer pedagogía, hai que ter moita pedagogía cos temas, bueno pois hai que coidar moi ben a veces as expresións. Nós vamos a votar a favor, pero bueno simplemente si puidera aclarar si xa hai algo ou si ten pensado xa algunhas persoas que de forma experimental serviran para impulsar o ánimo para que realmente a xente empezara senón supoño que como todo entrará dunha forma fría.”

Pide a palabra o Sr. Sierra Nieves para dicir *“nós vamos a votar a favor, xa funcionou noutros concellos e está funcionando como no Concello de Allariz ou no Concello de Monforte, é dicir, todos os regulamentos son moi parecidos, quizás, xa lles adiantamos, que o que lle fai falta a este servizo que vai a iniciar o Concello creo que sería unha boa promoción, que é o que falla normalmente nas campañas que inicia Concello. Xa o falamos en Comisión e o noso voto é a favor.”*

“Bueno –di a Sra. Álvarez Diéguez- pois como moi ben dixo o compañeiro do Bloque, a previsión é que en todos os Concellos onde se ha

implantado un banco de tempo a experiencia ha sido boa e funciona, en vilas similares a nosa, de tamaño e poboación, esperamos que na nosa os valores de cooperación sexan os mesmos que no resto de vilas de Galicia e o que temos que facer unha vez estea posto en funcionamento o programa, a base de datos para cruzar os servizos coas necesidades, é empezar unha campaña de difusión para que a xente participe e se comprometa.”

Sen máis intervencións, a Corporación por unanimidade dos dezasete membros asistentes, adoptou o seguinte acordo:

- Vista a Memoria da Concellaría de Servizos Sociais relativa á creación do Banco do Tempo de O Barco de Valdeorras de 29 de marzo de 2012.
- Visto o Regulamento de funcionamento do Banco do Tempo de O Barco de Valdeorras de 29 de marzo de 2012.
- Visto informe de Secretaría de 30 de marzo de 2012.
- Visto o disposto no artigo 25 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 43 da Lei 2/2007 do Traballo en Igualdade das mulleres de Galicia, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e demais normativa de aplicación

ACORDAMOS:

- 1º.- A creación do Banco do Tempo de O Barco de Valdeorras.
- 2º.- Aprobar inicialmente o Regulamento de funcionamento do Banco do Tempo de O Barco de Valdeorras.
- 3º.- A publicación deste acordo no BOP por prazo de 30 días para a formulación de reclamacións e suxestións polos interesados. No caso de que no foran presentadas reclamacións ou suxestións durante o referido prazo, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

****REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO BANCO DO TEMPO DE O BARCO DE VALDEORRAS**

O Banco do Tempo de O Barco de Valdeorras, é un Servizo Municipal sen ánimo de lucro promovido polo Excmo. Concello de O Barco de Valdeorras

ARTIGO 1.- FINALIDADE, DOMICILIO E ÁMBITO TERRITORIAL

A finalidade do banco do tempo de O Barco é promover o intercambio de servizos entre as persoas usuarias empadroadas no Concello de O Barco.

Desta maneira preténdese fomentar a dinámica relacional e as relacións veciñais nun contexto de mutua colaboración e respecto, facilitando a conciliación da vida laboral e familiar no Concello de O Barco.

A sede social do banco de tempo de O Barco está sita na Casa do Concello, no departamento de Servizos Sociais (Praza do Concello, 1).

ARTIGO 2.- UNIDADE DE INTERCAMBIO

A unidade de intercambio é a hora de servizo prestado, independentemente do servizo que se oferte ou se demande.

ARTIGO 3.- SERVIZOS

As actividades a intercambiar non deben estar vinculadas con actividades profesionais que se desenvolvan no mercado laboral, deben de tratarse de intercambios puntuais e non continuos. Entendendo que o banco do tempo de O Barco non é expendedor de servizos e non está destinado a resolver aspectos cotiás, senón a servir de soporte para a comunidade de O Barco ofertando solucións a situacións que se definen como non habituais.

ARTIGO 4.- INTERCAMBIO DE SERVIZOS

O intercambio de servizos consiste en acumular na conta corrente de cada unha das persoas usuarias ou socios un número determinado de horas a través da prestación de diferentes servizos os demais usuarios/as do banco do tempo.

Esas mesmas horas acumuladas (a cambio de prestar un servizo), poderán ser intercambiadas polo mesmo número de horas de calquera dos servizos que os outros socios do banco do tempo oferten.

ARTIGO 5.- USUARIOS

Para poder acceder ó banco de tempo en calidade de persoa usuaria ou socio deberán acreditarse os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade.
- b) Acreditarse o empadramento no concello de O Barco no momento da inscrición.
- c) Formalizar o ingreso no banco do tempo na súa sede, en solicitude oficial, sinalando o servizo ou servizos que están dispostos a prestar ó resto de persoas usuarias do banco de tempo.
- d) Facilitar tódolos datos do usuario/a necesarios para a súa identificación. Ditos datos seguirán o protocolo de Protección de datos de carácter persoal legalmente establecido.
- e) Dispoñer de capacitación profesional adecuada para prestación do servizo que se vaia a intercambiar ou ofertar para o intercambio.

Tódolos datos e información que cada usuario/a aporte ó banco de tempo terán tratamento de confidencialidade. Así mesmo, os datos que o banco de tempo aporte a cada unha das persoas usuarias coa finalidade da prestación do servizo terán única e exclusivamente esta finalidade, non podendo utilizarse noutros ámbitos diferentes os inherentes ó funcionamento do banco de tempo de O Barco. A este respecto, recollerase, no momento de formalizar a inscrición, de cada un dos usuarios o compromiso persoal de respectar este aspecto.

O mencionado no parágrafo anterior escusarase en casos de forza maior, estados de necesidade, gravidade ou cando a integridade física ou psicolóxica do usuario/a se poida ver prexudicada.

Cada persoa usuaria do banco de tempo comprométese a respectar as normas aquí establecidas, así como a aceptar as consecuencias que o non respecto das mesmas poida ocasionar, que serán detalladas no réxime disciplinario.

Cada persoa usuaria será responsable da súa conta corrente e dos documentos que acrediten as horas acumuladas ou prestadas ó resto dos usuarios/as, debendo de comunicar a maior brevidade posible, ó concello de O Barco, a perda ou roubo dos mesmos.

Os usuarios/as poderán darse de baixa no banco de tempo de forma voluntaria comunicándoo ó concello de O Barco. No caso de ter pendente o compromiso de realizar algún intercambio deberá cumprir dito compromiso antes de proceder a súa baixa, excepto causas de forza maior.

ARTIGO 6.- RESPONSABILIDADES

Cada usuario/a faise responsable de prestar o servizo ofertado así como a garantía e a calidade do mesmo, das condicións hixiénico-sanitarias, de seguridade e de responsabilidade profesional na que o efectúa.

O concello de O Barco, permanecerá exclusivamente como contacto entre os usuarios, poñendo a súa disposición un servizo de mediación, para resolver cantas controversias puideran xurdir na prestación dos servizos.

ARTIGO 7.- RÉXIMEN DISCIPLINARIO

No caso de queixas graves ou reiteradas recibidas polo concello de O Barco dos usuarios receptores do servizo prestado atendendo a calidade da prestación ou da responsabilidade o efectuala, o concello resérvase a posibilidade de excluír a persoa usuaria do banco de tempo, baseando a súa decisión nas queixas da súa participación no programa de intercambio de servizos, procedendo a dar de baixa o mesma.

ARTIGO 8.- DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

Tódalas persoas usuarias do banco do tempo teñen dereito a :

1. Ser tratado con dignidade e respecto.
2. Recibir o crédito necesario polas horas proporcionadas de servizo.
3. Poder gastar o seu crédito en servizos ofrecidos por outros usuarios.
4. Poder gardar o seu crédito para usalo máis adiante.
5. Poder doar o seu crédito a outros usuarios do banco de tempo.
6. Manter a privacidade e confidencialidade que desexe respecto dos seus propios datos.
7. Ser valorado.
8. Ser tratado xustamente e en igualdade de condicións que o resto de socios

ARTIGO 9.- DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

Tódalas persoas usuarias teñen o deber de:

1. Respetar a privacidade e confidencialidade de outros usuarios.
2. Manter, cumprir e respectar as citas que acorde con outros usuarios, salvo casos de forza maior.

3. Aceptar os consellos e instrucións das persoas organizados do banco de tempo

4. Respetar as normas de funcionamento do banco de tempo.

ARTIGO 10.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO

1. O banco de tempo de O Barco é un proxecto que funciona sen ánimo de lucro.

2. O banco de tempo ten como finalidade promover o intercambio de tempo entre persoas.

3. A unidade de intercambio é a hora, independentemente do servizo e das tarefas que se oferten e demanden.

4. As persoas interesadas poderanse inscribir no banco do tempo despois de cubrir a ficha de inscrición correspondente.

5. O intercambio consiste en ofrecer un determinado servizo a cambio das horas que crea convenientes e demandar outros servizos a cambio do valor que se estipulara a persoa que o vai prestar.

6. Cada socio será titular dunha conta corrente de tempo e dispoñerá do seu saldo persoal, que se verá incrementado ou ven diminuído e que utilizará no momento de recibir ou ofrecer o seu tempo a outra persoa.

7. O recibidor do servizo comprométese a pagar cun talón polo tempo empregado unha vez concluído o servizo, en fraccións de hora.

8. Informarase a persoa responsable do banco de tempo do servizo realizado para se actualicen as contas de tempo dos implicados antes dunha semana.

9. Para ofrecer ou demandar un servizo é necesario pórse en contacto co Banco de tempo e dar toda a información posible: descrición da actividade que se vai prestar ou se solicita, horarios dispoñibles, duración, materiais, etc...

10. Os gastos orixinados polo servizo (materiais, ingredientes, ...etc) serán sempre por conta da persoa que solicitou a actividade.

11. O usuario que vai realizar a actividade debe informar a persoa receptora do que vai facer antes de que empece a facelo e contactar con tempo de antelación suficiente para comunicarllo, e senón pode realizar a actividade nas datas acordadas, cancelala con tempo suficiente de antelación (a excepción de causas de forza maior)

12. Cando a conta se atope en números negativos, estes non poderán ser superiores a 6 horas ó trimestre. E non se poderá ter números negativos máis de 4 meses seguidos, salvo que non se teña demanda para as actividades ofertadas.

13. A secretaría do Banco de tempo informará, vía correo electrónico, da relación de servizos dispoñibles para os intercambios e a persoa de contacto correspondente para o mesmo.

14. O contido da información recadada sobre as persoas usuarias inscritas no Banco do Tempo é confidencial e non está permitida a súa difusión para fins alleos ó mesmo.

15. As persoas usuarias son responsables de dar o servizo ofrecido con garantías de éxito. O Banco do tempo so serve como contacto entre os usuarios/as e nunca é responsable pola calidade dos servizos ofertados.

A responsabilidade nos intercambios que se levan a cabo é unicamente das persoas implicadas no mesmo.

16. A baixa do usuario é totalmente voluntaria e automática sempre a súa conta non se atope en números negativos, se este é o caso propoñerase a forma de deixala a cero.

17. As persoas adscritas ó Banco do Tempo comprométense a aceptar e cumprir estas regras de funcionamento.**

11.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME EN MATERIA DE CUMPRIMENTO DO DISPOSTO NO “REAL DECRETO-LEY 4/2012, DE 24 DE FEBREIRO, POLO QUE SE DETERMINAN OBRIGAS DE INFORMACIÓN E PROCEDIMENTOS NECESARIOS PARA ESTABLECER UN MECANISMO DE FINANCIAMENTO PARA O PAGAMENTO AOS PROVEDORES DAS ENTIDADES LOCAIS”.-

Di o Sr. Alcalde que << aparte de ter por correo electrónico, que volo mandou o Interventor, xa na Comisión do xoves se deu información deste asunto, polo tanto está a disposición dos Portavoces.>>

Dáse conta pola Alcaldía-Presidencia do informe da Intervención Municipal sobre cumprimento do establecido no Real Decreto Lei 04/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais.

A Corporación queda enteirada.

12.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. RELATIVA A “APOIO Á INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A DEFENSA E PROMOCIÓN DA SANIDADE PÚBLICA EN GALIZA”.-

Di o Sr. Sierra Nieves que “debido á prisa que tedes todo, se queredes xa non a leo”

<<Non, non –**di o Sr. Alcalde**- non, non, non, vamos a ver, aquí estamos no Pleno e polo tanto o Pleno acaba cando teña que acabar, aquilo foi unha broma, foi un comentario que eu fixen medio en broma que evidentemente non vai a hurtar o debate en ningún caso.>>

Polo Sr. Sierra Nieves dáse lectura á Moción presentada, que di literalmente:

****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A *Plataforma SOS Sanidade Pública* está a promover unha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) coa finalidade de deter a política de recortes e privatizacións da Sanidade Pública impulsada polo actual Goberno Galego e co fin de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas.

O artigo 43 da Constitución reconece o dereito á protección da saúde, correspondendo aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública, mediante as medidas preventivas, as prestacións e os servizos necesarios. É competencia do Goberno da Xunta de Galiza, o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como en materia de Seguridade Social, excepto as normas que configuraron o seu réxime económico.

A sanidade pública constitúe –xunto co ensino e os demais servizos públicos- un elemento básico do Estado Social e un claro indicador de equidade e solidariedade. Nas últimas décadas, porén, estes principios aparecen cuestionados por unha campaña neoliberal de ataque e desmantelamento dos sistemas públicos de saúde. A decisión de combinar unha redución do orzamento sanitario co recurso ao sector privado para construír, restaurar, equipar e xestionar os centros sanitarios leva ao sistema a unha situación de limitación dos recursos necesarios para o mantemento da actividade dos servizos, e a un grao de endebedamento incompatible co sustento do sistema público, cando menos nas condicións actuais de universalidade e gratuidade no momento do uso, e que garanten a accesibilidade á atención de saúde e condicións equitativas para toda a poboación.

A finalidade da proposición de Lei, presentada pola *Plataforma SOS Sanidade Pública* vía iniciativa popular, é frear esa tendencia privatizadora mediante a defensa e promoción da sanidade pública galega como garantía para a efectividade do dereito constitucional á protección da saúde.

Así pois, a proposición de Lei opta expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias do Sistema de Saúde de Galiza, na liña histórica marcada pola Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade. Rexéitanse así as fórmulas de colaboración público-privada (private finance initiative ou concesión de obra pública), que en países do noso contorno produciron un contrastado empeoramento da calidade asistencial e un enorme aumento dos custos sanitarios.

A proposición de Lei pretende tamén mellorar o servizo público prestado á cidadanía incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e que terá unha grande incidencia na redución dos tempos de espera hospitalaria.

Finalmente, a proposición de Lei configura un sistema de xestión descentralizado territorialmente, promovendo a autonomía das áreas sanitarias, sen que isto supoña a renuncia a decisións centralizadas sobre cuestións concretas que melloren a efectividade das decisións.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO – Manter o apoio da Corporación municipal á iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentarios e presidente da Xunta de Galiza.

SEGUNDO – Animar aos veciños e veciñas do noso concello a colaborar con esta iniciativa.

TERCEIRO – Instar á Xunta de Galiza e á Consellería de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuíto e de calidade e manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galiza.**

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo para dicir *“unha vez máis estamos ante un tema no que se volve a facer demagogia e utilízase como ferramenta política o eido da sanidade e desde logo, tratando de alarmar á sociedade galega. O PP defendeu e defenderá sempre o carácter público da sanidade galega como xa ten demostrado ó longo dos máis de 15 anos nos que estivo no goberno na Comunidade Autónoma, e no mesmo que nas dúas lexislaturas que o PP estivo no Goberno de España, en dúas etapas.*

O compromiso da Xunta coa sanidade pública na súa misión de mellorar a saúde dos cidadáns garantindo os seus dereitos a través do eficiente desenvolvemento dos recursos sanitarios e a mellora continua da atención sanitaria dos galegos está fora de toda sospeita; non só constitúe un dos principais valores do equipo directivo neste caso do PP senón que se ve plasmada en feitos equipándose e dotando novos hospitais en Lugo, iniciándose novas construcións en Vigo, tramitación do Hospital de Pontevedra, rematáronse 18 Centros de Saúde e hai 4 en execución, etc. etc., polo tanto si se quixera desmantelar a sanidade pública desde logo non tería ningún sentido todo este tipo de inversións que se están facendo. Por tanto, nós pensamos que é totalmente falso que o desmantele e que vostedes digan que o Goberno do PP estea a privatizar a sanidade galega, e desde logo insisto na demagogia cando son grupos políticos que estiveron no goberno da Xunta de Galicia, mantiveron concertacións con hospitais privados, puideron non facelo e fixérono, e incluso aumentaron e incrementaron nesa época cando estiveron no goberno, por tanto cando se goberna nese caso dices unha cousa e agora pois, como é normal, cando está na oposición cambia de papel e fai outro papel.

A utilización pública de todos os recursos sanitarios galegos de calidade dispoñibles é a fórmula que permita actualmente dar unha resposta máis eficiente á demanda sanitaria existente, evidentemente as cousas teñen que ter reformas, creo que todos somos conscientes do gran gasto que supón para a sanidade e a educación, neste caso para as administracións públicas, e polo tanto o que hai que facer é dar esos servizos coa maior eficiencia posible e creo que o Goberno da Xunta estao a facer ben e desde logo os feitos que están sobre a mesa o demostran co

aumento de consultas, etc. como se está producindo, por exemplo, no Barco, aquí no Hospital, que tamén o iban a levar, que o iban a quitar, etc., etc., pois resulta que ó final non foi así como vostedes dixeron, eso é evidente, pero é perigoso facer política con algo así que nos afecta a todos e desde logo é un tema que alarma moito á sociedade. Nós vamos a votar en contra desta Moción.”

Pide a palabra o Sr. Alonso Araújo para dicir *“boas tardes a todas e a todos. Nestes días estamos a asistir atónitos e con moita preocupación á posta en escena por parte do Goberno central coma do Goberno da Xunta de Galicia, dun proceso de desmantelamento dun dos piares básicos do estado de benestar: a sanidade universal, gratuíta, equitativa e de calidade.*

Estanos a meter medo, a crear confusión desvirtuando todo o que soa a público, dicen que a sanidade pública é cara e insostible, mentira, eso é unha cuestión ideolóxica amparada por grupos de interese, só un dato, en España invístese un punto menos do PIB en sanidade ca na media da Comunidade Europea, dous puntos menos que en Francia e o mesmo que en Portugal; o gasto medio por habitante en España é de 2.062€, a media europea é de 2.870€, gastamos pouco en Sanidade, hai unha infradotación de persoal e aínda así temos unha eficiente sanidade. Só perseguindo o fraude fiscal e subindo os impostos dos que máis gañan, se acadarían noventa mil millóns de euros, máis que suficientes para non ter que tocarlle nin a sanidade nin a outro pilar básico do estado de benestar como é a educación, pero no seu canto o Goberno opta pola amnistía fiscal a un módico 10%, opta tamén por recortar e por deteriorar os servizos públicos. Estanos a falar dunha carteira de servizos asistenciais mínimos, de o pago dos medicamentos, do pago do gasto médico, medidas todas elas que a quen máis van a afectar vai a ser aos traballadores, aos pensionistas, aos parados, e sobre todo a aqueles que teñen menos recursos. Camiñamos cara a sanidade de dúas vías, unha de pobres, pública, e outra privada de ricos. O proceso de deterioro é progresivo, desabastecemento de material sanitario, substitución dos materiais de calidade por outros máis baratos e xa desgostados por obsoletos, non se cubren as baixas, obriga de traballar ao persoal estando enfermo, desvío de usuarios cara a sanidade privada mesmo habendo camas dispoñibles na pública, falta de planificación, precariedade, etc., en fin, un panorama bastante desolador.

Baixando ó nivel que nos afecta directamente, un par de apuntes sobre o beneficioso que está a ser para Valdeorras a desaparición da Área Sanitaria e a integración da mesma na Área de Ourense, uns exemplos, o Hospital Comarcal está pendente da compra dun novo TAC mutiporter desde o ano 2009, por certo, o único Hospital da rede do SERGAS que non dispón deste aparello; redución das horas dos médicos de urxencias, supresión dun médico polas mañás, supresión dunha praza de medicina

interna, aumento das listas de espera, baixas e vacacións do persoal que non se cubren, traslado a Ourense das operacións do cancro, extirpación de quistes e todo o relativo ás mamas, traslado a Ourense de todo aquilo que teña que ver co aparello dixestivo, colonoscopias, gastroscopias e endoscopias, polo menos durante cinco días á semana, porque hai dous días que si que ven unha médica pero que solo consulta e non fai estas labores, que por certo, tampouco fai gardas. Desde o PSOE opoñémonos a que o Goberno central e a Xunta de Galicia traspasen esta liña vermella absolutamente irrenunciábel para o PSOE, que hai que recordar que foi quen converteu a sanidade en España en universal e pública. Os galegos e as galegas queremos e temos dereito a unha sanidade pública de calidade, universal e gratuíta.

Si non hai unha rectificación por parte dos gobernos central e da Xunta de Galicia, vanos a deixar en herencia un retroceso de tres décadas en avances sociais, por todo elo o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, integrante da Plataforma sanitaria en defensa da sanidade pública, como non podía ser doutro xeito, vai a votar a favor da Moción presentada polo BNG.

Pide a palabra o Sr. Sierra Nieves para dicir *“demagoxia, os gravísimos cambios que o seu Partido fixo á sanidade pública non ten ningún parangón, de momento xa se publicou un catálogo de prezos para un posible repago, repago e non copago, xa a súa Conselleira non para de lanzar globos sonda nos medios, e como pago dun euro por receta por algo será. A política neocom trata de convencernos de que a nosa sanidade sae moi cara, non vou a repetir os datos que xa comentou o Concelleiro de Medioambiente, Educación e Sanidade, pero por darlle algún exemplo, a parte dos que xa dixo o Concelleiro, en Valdeorras temos o 3% das ambulancias menos, redución das horas dos médicos de urxencia, un médico menos pola mañás e todos os demais datos que dixo o Concelleiro.”*

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo para dicir *“brevemente, Sr. Concelleiro ¿vostede ten sanidade tamén?, estaba mirando eu porque a propósito, 15.000€ de todo o presuposto e a Partida máxima que lle dedica o Concello ó tema de sanidade son 7.500€ para traballos de desinfección, desratización e control sanitario, do resto nada, esta é a preocupación que ten usted desde o seu ámbito..... simplemente é unha anécdota, non se enfade, estamos hoxe no debate de presupostos e falando de sanidade por tanto...ademais falou o responsable. Mire, desos datos que vostede dice non lle vou a negar ningún dos datos, tamén compre recordar que segundo os datos tamén dice que os españois vamos oito veces máis ao médico que a media europea, non sei si é que estamos máis mal, non o creo, aquí hai unha boa calidade de vida, penso, en España hai mellor que en outros sitios, e tamén outro dato que é importante para ter en conta nestes*

momentos de moitas reformas, que o 30% do gasto sanitario corresponde ó gasto farmacéutico, en cambio en Europa solo é o 15%, pois tamén haberá que facer algunha reflexión, penso que o goberno da Xunta de Galicia facendo o dos genéricos creo que foi unha boa medida, criticada nun principio e penso que agora vaise a imitar en moitas Comunidades de España. Mire, decía o Sr. Aurentino Alonso que están metendo medo, medo meten ustedes que son os que xa antes de que pasen as cousas pois....voume a ceñir solo ao tema de O Barco, que iban a quitar todo, era todo un desastre....bueno, eu non estou de acordo, evidentemente teño outros datos, datos que tamén ó mellor son distintos aos de vostede, ou vostede tamén ten e evidentemente utiliza os que quere, pero bueno, eu teño utilizado o Hospital Comarcal de O Barco e de momento, toquemos madeira, sempre tiveron boa atención, non tiveron que desplazarme a nada, fíxese vostede, fun facer unha radiografía unha tarde e é que non había nadie, non había nadie en todo o Hospital, fun polos pasillos e non me atopei con naide, era día laborable, estiven sentado esperando un rato que me chamaran e bueno, é que non había nadie, por tanto, non sei, a veces as estadísticas utilízanse.... pero bueno, o certo é que nós podemos utilizalo e a realidade é que sempre haberá quen se queixe, pero bueno igual non é tan malo como vostedes comentan.”

Pide a palabra o Sr. Alonso Araújo para dicir *“bueno alégrome de que se baixara vostede ao Barco, porque é onde estamos todos e o que máis nos preocupa, e permítame solamente dúas pequenas anécdotas, que eu creo que son significativas, do que está supoñendo a integración da Área Sanitaria a nivel provincial, fíxese: unha consulta en Ourense nun especialista, un señor de 83 anos ten que coller o coche ás 7 de mañá, marchou a Ourense, foi á consulta do especialista e ó chegar alí díxéronlle que non o podían consultar porque o especialista acababa de salir de garda e non consultaba ese día, coller o coche, volta para O Barco....bueno, destas anécdotas hai moitas, esto foi fai tres semanas, unha persoa coñecida por parte deste Concello; e outro detalle, unha pequena anécdota, foi en urxencias un señor que chegou cun oso que tragara así de mala maneira, dun coello debía de ser, e o señor estaba na sala de espera dicindo que o Hospital non estaba tan mal e que esto funciona perfectamente, pero cando chegou á consulta e lle dixeron que tiña que ir a Ourense por culpa dunha gastroscopia, o home levantouse en armas e dixo *pero esto non é así, esto hasta agora....*”*

<<Y expulsó el hueso>> **di o Sr. Alcalde.**

*“A historia é –segue a dicir o Sr. Alonso Araújo- que o señor preguntou por outro doctor porque lle parecía que era unha tomadura de pelo e que ese tipo de actuacións se estaban facendo no Barco hasta agora, entón cando baixou o outro doctor díxolle *pois así é, ten que ir vostede a*

Ourense de excursión toda a noite e volver cando toque *, e a resposta do señor foi *pois logo engañáronos* e a resposta do doctor foi *pois é certo, engañáronos a todos*, esa foi a resposta.”

<<Ben –di o Sr. Alcalde- en calquera caso pasamos a votarla, pero bueno, sobre la anécdota que contaba procuraremos o ano que ven nos orzamentos a ver si poñemos unha consulta, un ambulatorio para hacer algo más de presupuesto por ahí, si as cousas van como van.>>

Sen máis intervencións, a Corporación por 10 votos a favor do PSOE e do BNG e 7 en contra do P.P, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO – Manter o apoio da Corporación municipal á iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentarios e presidente da Xunta de Galiza.

SEGUNDO – Animar aos veciños e veciñas do noso concello a colaborar con esta iniciativa.

TERCEIRO – Instar á Xunta de Galiza e á Consellería de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuito e de calidade e manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galiza.

13.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. RELATIVA A “MANTEMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR”.-

Polo Sr. Sierra Nieves dáse lectura á Moción presentada, que di literalmente:

****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O goberno do PP na Xunta de Galiza acaba de publicar o decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. No mesmo establécese que o Servizo de Axuda no Fogar é un servizo social comunitario básico de carácter público que debe ser garantido polos concellos. Tamén regula o financiamento do conxunto dos servizos sociais comunitarios e concretamente no que se refire aos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico soamente financiará ás corporacións locais de 20.000 ou máis habitantes, onde só financiará ao traballador/a social. Deste xeito, a inmensa maioría dos concellos galegos, que son os que contan con menos de 20.000 habitantes, van a ser excluídos das axudas que até o de agora viñan recibindo da administración galega.

As axudas da Xunta aos servizos sociais comunitarios xa foron recortadas os anos 2010 e 2011, especialmente no que se refire ao Servizo de Axuda no Fogar. O Plan de 2011 dispoñía de preto de 24 millóns de euros para as prestacións sociais

básicas, servizos sociais comunitarios e plan de desenvolvemento xitano, e o goberno do PP os recortou en 2,4 millóns de euros.

Para este ano 2012, o plan concertado quedou na metade, en 12,4 millóns de euros. As partidas do programa de servizos sociais comunitarios foron eliminadas e o plan de desenvolvemento xitano ten unha partida simbólica de pouco máis de 100.000 euros.

O decreto publicado vén a corroborar que o goberno do PP na Xunta de Galiza se desentende por completo dos servizos sociais comunitarios nos concellos de menos de 20.000 habitantes, en especial do Servizo de Axuda no Fogar Básico, o que obrigará no mellor dos casos aos concellos a financiar estes servizos e aos usuarios e usuarias a pagar máis nas súas aportacións como copago, ou no peor dos casos a que os servizos desaparezan e só se manteñan para as persoas dependentes coa pretensión asignada no seu Plan Individual de Atención.

O propio decreto establece que as Deputacións terán que prestar axuda económica e técnica aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Non obstante, non as obriga con cantidades nin porcentaxes. En cambio obriga aos concellos a aumentar o 20% para os concellos de menos de 20.000 habitantes, o 25% para os de 20.000 até 60.000 e o 33% para os de 60.000 ou máis habitantes.

Compre salientar que o Servizo de Axuda no Fogar Básico ou de libre concorrència é ao que teñen que recorrer as persoas con problemas de desestruturación familiar, casos de enfermidade aguda tras alta hospitalaria, persoas en situación de dependencia aínda non valoradas, persoas en situación de dependencia valorada e con dereito pero que non teñen o acceso ao Servizo de Axuda no Fogar ou outra prestación asignada (por estar en lista de espera que hoxe en Galiza supera as 27.000 persoas).

O que se pretende con este decreto é trasladarlle aos concellos unha competencia, facer unha descentralización administrativa, pero sen financiamento, onde a Xunta de Galiza abdica das súas competencias para impoñerlle aos Concellos que poñan a disposición da Xuntas as dependencias municipais, asumindo todos os custes, a xestión de todos os sistemas informáticos e as horas de traballo do persoal do Concello, para facerse cargo do Servizo de Axuda no Fogar Básico.

A Xunta de Galiza debe asumir as súas competencias e garantir uns servizos sociais comunitarios acorde coas necesidades da poboación. E garantir e xestionar un servizo público básico que debe chegar en igualdade de calidade e dereitos a todos os galegos e galegas independentemente do concello onde vivan, como acontece coa sanidade e co ensino.

Se non se fai así as consecuencias van a ser moi graves. En primeiro lugar para as persoas usuarias do servizo, en segundo lugar para as xa depauperadas arcas municipais de para os traballadores e traballadoras que realizan este servizo xa que perderan o seu emprego, pasando a incrementar a alta taxa de desemprego existente.

O mesmo decreto tamén establece unha nova regulación da participación económica das persoas usuarias do custe do Servizo de Axuda no Fogar que incrementa de xeito substancial en case todos os tramos de renda o copago a realizar. Incrementos grandes para as persoas que teñen recoñecidas as prestacións

por dependencia e aínda moito maiores para as que sen ter recoñecida as prestacións están en grave situación de risco ou vulnerabilidade.

O goberno do PP na Xunta de Galiza ten a obriga de garantir o funcionamento do Sistema Galego de Servizos Sociais e con este decreto lesiona gravemente os dereitos das persoas e pon a grave risco o sistema de servizos sociais.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

- a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.
- b) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.
- c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.
- d) Derrogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP. **

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo para dicir *“Sr. Alcalde usted estuvo en una reunión, quizá a lo mejor...porque igual hablamos una cosa y resulta que decimos lo contrario y yo personalmente no tengo porque tener esa información, es decir, yo creo que ahora mismo lo que sé es que estas competencias se van a traspasar a las Diputaciones.....a ver a ustedes non lle gusta, a vostede ó BNG, non digo a vostede personalmente, ó BNG non lle gusta porque claro, vostedes queren que desaparezan as Deputacións e se as Deputacións collen competencias pois claro despois é máis complicado que desaparezan, pero bueno, neste caso, en principio non ten porqué ser negativo senón que é positivo, porque as Deputacións están máis preto dos cidadáns que a Xunta de Galicia e sobre todo nas poboacións máis pequenas, non é no caso do Barco pero nas máis pequenas prestan máis servizos e polo tanto non ten porqué ser negativo, ¿que de momento non está especificada a cuantía?, bueno, podremos esperar.....vostede xa puxo na paro ás traballadoras, xa dixó que xa estaban no paro....eu penso que é unha boa proposta, a Xunta non é que estea suprimindo os servizos senón que di que traspasa competencias e evidentemente eso virá acompañado, como é lóxico e normal, tamén dun traspaso dunha transferencia económica ás Deputacións e penso que eso terán que debatilo, negocialo ou non sei, no seno da FEGAMP, por eso eu lle decía si vostede ten información máis fresca desto, porque tampouco vamos a facer un debate que ó mellor....”*

<<Vamos a ver, **-di o Sr. Alcalde-** a defensa da Moción leva a Concelleira pero é certo que hoxe houbo reunión do Pacto Local, e é certo que aquí incluso hai algún tema (no apartado por exemplo, c) certamente

contradictorio para os intereses municipais, porque o Decreto non incrementa a participación económica das persoas senón que deixa liberdade aos Concellos para fixar as súas taxas, especialmente porque ademais responde a unha petición de moitos Concellos que están prestando axuda no fogar a persoas que teñan recursos económicos e que teñen que non cobrarlles practicamente nada porque o Decreto antes era inflexible e o que había que cobrar a cada persoa que se lle prestaba era eso, polo tanto responde a unha petición que eu fun coñecedor dela desde que estou alí, dende fai tres meses, e que había esa petición, que se permitira que os Concellos puxeran as taxas, eso en principio queda libre. É certo que non está claro si as Deputacións van a pagar ou non, e senón pagan loxicamente perdemos, pero tamén é certo que a Lei de Servizos Sociais, non o Decreto que se aprobou recentemente senón a Lei de Servizos Sociais dice claramente que as Deputacións teñen que colaborar nos servizos sociais, hai un artigo que non recordo nestes momentos cál é, non o teño diante pero si que o dice. O que é certo é que hoxe se lle pediron varias cousas á Conselleira no sentido de que, por exemplo, sexa a Consellería quen determine as axudas que se lle van a prestar aos Concellos en función do servizo que prestan e non sexan en cada provincia as Deputacións quen establezan eses criterios, o que podería darse o caso de que dúas situacións similares, pois a Deputación da Coruña dera unha cantidade e a Deputación de Ourense dera outra, e son situación similares que hasta el momento venía gestionando la Xunta con una unidad de criterio, fuera buena o fuera mala, sin entrar en juzgar el criterio pero que se establezca, ésta fue la petición que le hicimos hoy a la Conselleira. Esto está muy verde todavía y evidentemente podemos, existe la posibilidad, yo creo que la Moción sí tiene sentido en el de alertar, en el sentido de que podemos tener un problema no solo perder, en el caso de O Barco, los 21.000€ del año pasado sino también los 5.000 que nos dieron, si al final no se ponen de acuerdo y no se arregla eso. Entonces lo que se le pidió, había un objetivo, que era volver al 2010 o por lo menos lo que nos iban a dar el año pasado, el 2011, en el caso de O Barco eran 30.000€ y cobramos 21.000. Hay problemas más graves, hay Concellos donde prácticamente se está prestando, tienen muy poca ayuda a domicilio de dependencia real, que les pagan por ella, y desde dependencia comunitaria, que es la que pagaba el Concello, están atendiendo muchos casos de dependencia y esos Concellos tienen más problemas, porque el déficit va a ser mayor, porque ellos prestaban con esa segunda opción, prestaban toda la ayuda a la dependencia. El caso de O Barco es distinto, nosotros tenemos bastante ayuda a domicilio de dependencia y teníamos más o menos ajustada la otra, por lo tanto nosotros, en ese sentido, aunque bajamos esos 21.000€ pero bueno en el conjunto de todo lo que recibimos la disminución fue menor, pero en algunos Concellos

fue muy grande, por eso digo que yo creo que la Moción... en principio entiendo, sin entrar en el fondo porque es verdad que en estos momentos estamos negociando el tema éste y hoy ha habido una reunión del Pacto Local y estaba la Conselleira, entre otros Conselleiros, estaba la de Sanidad y se ha hablado de este tema, pero bueno resuelto no está, por tanto no podemos decir que como hubo una reunión en la FEGAMP pues ya está todo arreglado, no, no es verdad, en cualquier caso estoy dando la información de la reunión de hoy, que es lo que se me ha pedido.>>

Pide a palabra a Sra. Álvarez Diéguez, para decir *“como bien decía Alfredo, el mayor problema que tenemos es que no está claro el tema. Ante esta situación que tenemos ahora mismo, el programa de dependencia lo tiene que atender el Estado y la Autonomía, pero claro, la Ley de Dependencia, las nuevas altas llevan paralizadas ya dos años. En el mejor de los casos, como en el Concello de O Barco, estas personas que no han podido ser dadas de alta en Dependencia o no han querido ser dadas de alta en Dependencia, son ayudadas desde el Servicio de Ayuda en el Hogar básica que prestan los propios Concellos, pero esto supone una carga económica para las arcas municipales cada vez mayor, siendo el Servicio de Dependencia, como decíamos antes, un Servicio que tiene que sufragar totalmente el Estado y la Xunta, cada vez más carga al Municipio, por ejemplo, en nuestro Ayuntamiento, en O Barco, en el año 2011 para sufragar solo el coste de Dependencia el Concello tuvo que aportar 21.000€, ya no entramos en Ayuda a Domicilio Básica, simplemente Dependencia, cuando esto quien lo tiene que pagar es quien lo tiene que pagar, nosotros desde luego no. Si hablamos de la prestación básica de Servicios Sociales el recorte económico cada vez nos asfixia más, desde la Xunta están obligando a los Concellos a asumir un gasto cada vez mayor para cubrir un Servicio cuyo coste debe estar totalmente asumido por la Autonomía; a este gasto tenemos que sumarle encima que ha aumentado el número de usuarios de Servicios Sociales un 39%, con lo cual la carga de trabajo para los trabajadores de Servicios Sociales es mayor y encima van a tener que disminuir el número de trabajadores, porque si no hay altas en Servicios Sociales no se puede contratar a gente que cubra esas horas. Los Municipios la verdad es que, yo creo que el nuestro y todos, nos sentimos bastante afectados porque quien tenemos que dar la cara somos nosotros, quien le tenemos que explicar al usuario el problema que hay y que no se le va a prestar ese servicio somos nosotros ¿y qué le decimos?, no, es que la Xunta no quiere, nosotros no se lo vamos a prestar, usted se queda sin él. Estos recortes cada vez suponen un problema más grande porque todo lo que hemos logrado durante décadas en Servicios Sociales lo estamos perdiendo a pasos enormes, y no lo vamos a poder recuperar enseguida, van a volver a pasar décadas y décadas para volver a llegar al mismo estado, entonces yo creo que si nos cebamos con la*

población más débil, más vulnerable, con la gente que necesita Servicios Sociales, con la gente que necesita ayuda a domicilio, cada vez va ir a peor, pero bueno, yo creo que por eso vamos a votar a favor pero que la solución no es cortar el presupuesto en Servicios Sociales.”

Pide a palabra o Sr. Sierra Nieves para decir *“non sei qué parte, Sr. Moisés, non entendeu. Mire, esto consiste nun traspaso de competencias pero sen traspaso de Partidas económicas. Non é que non nos gusten, dicía vostede que non nos gustan as Deputacións, non é que non nos gusten é que estamos convencidos, temos o convencemento de que ó mellor futuro para este país é a súa supresión. Igual se perdeu con tanto parágrafo pero lle vou a ir ao concreto, mire no Concello do Barco en prestacións básicas se recortou do ano 2010 ó 2011, 27.731€, en xestión da programación, no ano 2010 eran 4.210€, no ano 2011 0€, recortáronse 4.210€, en prevención de drogodependencias pois case 1.000€, en total se recortaron 32.931€ no servizo de axuda no fogar, esos son os datos.”*

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo para decir *“o único cambio que se establece con este novo decreto é o que se realiza para desenvolver a Lei da Administración Local e a Lei de Servizos Sociais, que establece que as Deputacións deben colaborar economicamente, prestar asistencia técnica aos Concellos, especialmente aos de menos de 20.000 habitantes, que na nosa provincia son 91. Neste sentido no propio decreto se establece que as Deputacións apoiarán principalmente o financiamento deste servizo básico e do resto do persoal. Eu de momento o que sei e que podo decir é que o Presidente da Deputación de Ourense xa dixo publicamente, xa se comprometeu a facer un plan estratéxico tanto, aínda que non o falamos, para o tema de Vías e Obras, que a parte do Estado desaparece e vai a asumila a Deputación, e outra, unha Partida económica importante para a asistencia social dos municipios, polo tanto eu penso que esto é un compromiso xa, despois unha vez que esto empece a camiñar poderase demandar si efectivamente estase cumprindo o non se está cumprindo, pero o que vemos é unha vontade e polo tanto hai cambios, claro que hai cambios, é que as cousas tiñan que mudar, é que vostedes cada vez que lle digo esto enfádanse pero ¿quén arruinou todos os servizos sociais?, en general, pero ¿quén recortou o sueldo aos traballadores?, ¿quén deixou como deixou as arcas?, ¿qué pasa? ¿que os servizos sociais volverán a rexurdir cando retorne o goberno do PSOE ó poder?, que volverá, porque volverá, porque esto é así, cíclico, ou cando retorne o Bipartito, esperemos que tarde, á Xunta de Galicia, entón ¿é aí cando rexurden?, ¿mentras están os demais non se fan as cousas?, tampouco hai que ser así, estamos nun contexto moi difícil, estase dicindo, estase facendo un debate máis amplo, máis xeneral de que hai que clarificar cáles son as competencias de cada administración para que non existan duplicidades, aquí hai un paso importante da Xunta de Galicia,*

*que non é que se bote a un lado e diga *xa non é cousa nosa e deixámolo á liberdade dos pobos* tampouco é así, e hai unha norma e hai unha lei, a que facía alusión antes o Alcalde, que as Deputacións teñen tamén a obriga de colaborar nesas políticas, nós na nosa provincia hai un compromiso que se vai a facer e xa dixo, polo tanto nos parece importante, e despois Alcalde vostede sabe que as transferencias que se fan entre Xunta, Deputación e demais pois ó mellor non se chama igual pero sempre ten que haber as compensacións por un lado ou por outro e evidentemente a Deputación de Ourense, polo que a min me consta, traballará, loitará, para que evidentemente esos cartos ou boa parte desos cartos que vai a destinar para esta asistencia social pois, dalgunha forma, a Xunta poda reintegrar á Deputación, polo tanto a nós parécenos que estamos nun debate positivo, o que contou o Alcalde parece moi interesante, está nesta negociación, e penso que neste momento mandarlle desde aquí que hai que manter o financiamento e que tal, cando se está traballando na mellora do sistema, pois non nos parece apropiado, entón vamos a votar en contra desta Moción.”*

Sen máis intervencións, a Corporación por 10 votos a favor do PSOE e do BNG e 7 en contra do P.P, adoptou o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a

- a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.
- b) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.
- c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.
- d) Derrogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP.

14.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. RELATIVA A “REXEITAMENTO DA REFORMA LABORAL APROBADA POLO GOBERNO CENTRAL”.-

Polo Sr. Sierra Nieves dáse lectura á Moción presentada, que di literalmente:

****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Goberno central vén de aprobar unha ampla reforma do réxime laboral, que suporá unha mudanza substancial no réxime de relacións laborais en Galiza.

O Real Decreto-Lei 3/2012, do 10 de febreiro de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, socava as bases sobre as que se asentaban as relacións laborais, contendo medidas concretas que, xa desde a súa entrada en vigor, limitan os dereitos dos traballadores e traballadoras, tano no que atinxe aos seus dereitos económicos como á súa capacidade de negociación laboral.

Porén, como o propio Goberno vén afirmando, esas medidas non contribuirán de xeito directo a xerar emprego nin a mellorar a estabilidade laboral das persoas que na actualidade ocupan postos de traballo en precarias condicións. Confírmase así, que o verdadeiro programa de Goberno do PP é aplicar unha política económica ao servizo de quenés máis teñen, en prexuízo das maiorías sociais cuxo sustento depende do seu traballo. Constátase que o verdadeiro propósito do Goberno actual consiste en empregar a crise económica como pretexto para atacar os dereitos dos traballadores e traballadoras, rebaixando as súas condicións laborais.

A reforma laboral aprobada debilita a posición das persoas traballadoras ao tempo que reforza os poderes de dirección da empresa, outorgándolle capacidade para interpretar e desenvolver de xeito unilateral as condicións de traballo pactadas tanto a nivel individual en contrato de traballo como as derivadas de acordos globais sustentados na negociación colectiva. Dese xeito, a nova regulación laboral:

- Reduce as indemnizacións por despedimento improcedente case nun terzo, afectando tamén a dereitos consolidados de traballadores e traballadoras contratados hai anos.
- Estende as posibilidades de abaratar os despedimentos, ao ampliar os supostos para poder extinguir contratos laborais por mor de causas obxectivas, en base mesmo a situación conxunturais dunha empresa e non estruturais.
- Permite a aplicación de medidas de flexibilización interna de xeito unilateral por parte das empresas que favorecerán desde a extensión de regulacións de emprego, pasando pola mobilidade xeográfica forzosa, até mesmo a imposición obrigatoria de redución de xornadas e salarios.
- Desampara ás persoas traballadoras no caso dos despedimentos colectivos, ao eliminar o control da administración laboral na aprobación dos expedientes de regulación de emprego, obrigando a acudir a un control xudicial, tamén máis limitado.
- Crea un contrato indefinido específico, denominado “de apoio aos emprendedores” máis aplicábel ao 99 por 100 das empresas en Galiza, que permiten o despedimento libre e gratis total durante o primeiro ano.
- Racha co sistema de negociación colectiva sectorial e territorial, que beneficiaba ao colectivo de traballadores e traballadoras que desenvolven a súa profesión en actividades análogas ao homologar as condicións e traballo con independencia da empresa concreta onde traballan, deixando en mans da dirección empresarial a devaluación das condicións de traballo reguladas nos convenios de ámbito supraempresarial.

A reforma laboral imposta de xeito unilateral polo Goberno central terá un impacto negativo nas condicións de traballo e económicas das persoas traballadoras neste concello, que son a maior parte da nosa poboación e merecen dun respaldo

institucional perante o ataque emprendido contra os seus dereitos, que forman parte das conquistas sociais atinxidas en beneficio das maiorías sociais.

O noso Concello debe expresar o seu rexeitamento a esta reforma laboral que, lonxe de ser equilibrada como se afana en difundir –con afán de confundir- o Goberno central, en realidade mingua dereitos regulados en normas públicas que favorecían ás persoas traballadoras, para que fiquen a vontade das decisións empresariais e desposuídos de calquera capacidade de negociación e presión para mellorar as súas condicións socioeconómicas.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a:

1. Proceder á derogación de dita norma.
2. Acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación cos representantes sindicais, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulos reais para a xeración de emprego de xeito inmediato.

2. Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentarios do Congreso de Deputados, Parlamento de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e Presidente da Xunta de Galiza. **

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo para dicir “*o que estaba claro é que calquera decisión que tomara o PP, e senón as tomara malo porque non facía nada, iba ter unha contestación, e senón a tivera sería porque aplicaría as súas políticas, entón terían que estar vostedes, a esquerda, no Goberno, pero neste caso o pobo dixo outra cousa.*

Mire, a reforma laboral non limita ningún dereito senón que profundiza no dereito máis importante de todos, que é o dereito ó traballo recollido no artigo 35 da Constitución Española. Os autónomos, os emprendedores e as empresas fundamentalmente son os responsables de xerar emprego, por eso o obxectivo último da reforma é establecer un marco normativo, é dicir, un bo caldo de cultivo adecuado que facilite esta creación de emprego, un emprego estable e de calidade en España, que desde logo recupere a senda de crecemento que perdimos. Polo tanto, esta reforma (non me vou a estender máis, simplemente a modo de catro ou cinco pinceladas) é unha normativa necesaria e valente, aprobada por un goberno que desde que chegou está decidido a combater a taxa de cinco millóns de desempregados, que herdou do PSOE, flexibiliza o réxime do mercado laboral no que non había marxe para que as empresas creasen emprego, estimula a autónomos e Pemes para contratar ao primeiro traballador, incentiva os contratos a mozos, fomenta a recolocación dos traballadores que sufran un ERE, combate o fraude, a economía

mergullada e consolida a formación, vostede deso non dixo nada. En definitiva é a reforma que España neste momento, ou pensa o Goberno que é a reforma que España necesita para crear emprego e conseguir, desde logo, que a economía despegue de novo.

Vostedes, o PSOE máis e vostedes porque estiveron apoiando mentras lles interesou, despois pois cambiaron o xogo, cambiaron as cartas da baraxa e xa non lles interesaba, pero vostedes tamén foron cómplices, desde logo para estar ilexítimados para criticar esta reforma laboral, despois de fracasar na que impuxeron hai dous anos unilateralmente, que fixo o PSOE, a inercia do mercado laboral camiñaba ao desastre, fruto da nefasta xestión socialista que o PP con moita dificultad, con moita dificultad tenta atallar con esta reforma, xa veremos, o tempo dirá si é acertada ou non é acertada. Quen conduciu a España ao maior desemprego da súa historia, desde logo, neste caso o Partido Socialista, e apoiado por vostedes en moitas decisións, non pode neste sentido criticar nada. Así mesmo que os socios europeos de España felicitan ao Goberno de España pola reforma, quere dicir que é unha mostra máis de que era a normativa que España precisaba nun momento tan crucial da nosa economía. O noso Goberno ten que ir pouco a pouco, o Goberno de España cando me refiro ao noso, ten que ir pouco a pouco gañando confianza na UE, unha confianza que perdeu, a confianza que perdeu nos mercados, desde logo está sendo terrible para facilitar a recuperación de España. Polo tanto, nós vamos a rexeitar esta Moción.”

Pide a palabra o Sr. Ojea Arias, para dicir “boas tardes a todos. Eu casi vou a pedir perdón antes de nada, de empezar a falar, porque bueno vou a estar en contra do PP, eu non sei si eso está penalizado, pero bueno non creo que sea a cousa para tanto.

Estamos ante unha das Mocións que teñen gran calado social e que nós imos a facer unhas consideracións. É claro e comprobable o rexeitamento directo que o PSOE fixo e está a facer desta reforma laboral polo significado regresivo nas relacións laborais deste país e que nun proceso evolucionista descartado, coalición goberno - empresarios, están a conquistar. Pídesenos nesta moción que instemos á derogación da reforma, de acordo, acometer a mellora das relacións laborais, tamén, pero gustaríanos dar unha visión desta reforma laboral nun sentido propio. Nos períodos de crise, presentes e pasadas, xurde o aproveitamento abusivo das necesidades alleas e un desprezo da dignidade das persoas en nome do emprego e da eficacia productiva, así xa no 1944 asinouse a Declaración de Filadelfia, que logo foi incluída na Carta das Nacións Unidas e na posterior Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Nun mundo en crise habería xa a necesidade da equidade e da cuestión social. O primeiro principio di que o traballo non é unha mercancía, o valor do traballo non

*se pode confundir cos costes salariais, asemade no nome da liberdade individual a Lei nunca debe amparar a posición do empregador das condicións de traballo ó consentir modificacións unilaterais da relación laboral. Estos principios esenciais non existen na reforma laboral do Goberno actual, introduce o despido sen causa xustificada, permite ao empregador baixar unilateralmente os salarios e cambiar as condicións esenciais do traballador alegando motivos económicos vinculados á produción, o convenio colectivo está a punto de converterse nunha lembranza do pasado, cando o emprego é escaso os contratos poden encubrir formas modernas de esclavitude, *douche de comer, logo cala*, a dignidade no traballo non é posible sin os principios de liberdade de contratación e de diálogo e negociación das condicións asinadas. Con este marco o empresario pode modificar unilateralmente as condicións esenciais de traballo, o salario tamén, polo que so queda ao traballador pedir a extinción e cobrar unha indemnización ínfima ou ben ir ó xuíz, algo descartable polos custos que conleva; o fin último deste proceso será resistir na humillación, xa que hai que dar de comer á familia. Os convenios colectivos evitan a competencia á baixa nas condicións de traballo e o abaratamento dos dereitos dos traballadores, sin eles a igualdade e a seguridade no traballo sería unha quimera, de feito está garantido na Constitución Española. Esta reforma permite ao empresario obviar o convenio en materias fundamentais para os traballadores, como rendemento, salarios, xornadas, horarios, sen contar co seu consentimento. A partir de agora un traballador debe elixir si por en perigo a súa saúde ou o emprego, xa que é causa de despido dúas baixas xustificadas por enfermidade que sumen nove días en dous meses. Nós consideramos que reformar non é adecuar a Lei a unha realidade económica socialmente inxusta, senón que reformar é reaccionar fronte á inxustiza. Estamos ante a reforma laboral máis grave e agresiva no noso país, con efectos negativos polas relacións laborais entre sindicatos e empresarios, e tamén sobre dereitos constitucionais, incluso hoxe o Banco de España advirte que a reforma laboral a corto prazo podería producir algún axuste adicional no nivel de emprego debido a debilidade económica, se o problema deste país son os desempregados estímase que se perderán entre 700.000 e 800.000 empregos en toda España sin engadir os que xa se perderon no 2011. Nestes desempregados cúmprese o único precepto de igualdade desta reforma, serán de esquerdas, de dereitas, de centro, nacionalistas, republicanos, etc., máis a verdade tena o Goberno, parece ser que todos os seus votantes están de acordo nesta regresión social e de dereitos laborais, porque aos demais pouco nos queda que engadir, que pase pronto este tsunami liberalizador e que non se deteriore irreversiblemente as relacións laborais. Por tanto, o noso voto vai a ser favorable.”*

Pide a palabra o Sr. Sierra Nieves para dicir “*está claro que cada un conta a feira como lle vai nela. Dicia o Sr. Blanco *recupere a senda de crecemento que perdimos*, de momento o seu Presidente Rajoy xa anuncio que chegaríamos a decembro do 2012 con seis millóns de parados, seis millóns, vostede antes falaba de 1.348, seis millóns, repito, en decembro de 2012. En Génova, a súa sede, aplaudían coas orellas, todo o seu partido aplaudiu escudándose nas grandes verdades que conta Rajoy ¿pero non eran vostedes os que ían a acabar co paro?, ¡ah perdón!, este creo que era Feijoo nos cen primeiros días, porque Rajoy como chegou a Presidencia sin ningún programa....Só unha petición, xa que lles preocupa tanto o emprego, ¿porqué non chama a Génova e lle di aos seus xefes que empreguen só a metade de tempo en defender os intereses dos parados, a metade de tempo que empregan en defender os intereses de Repsol?”*

Sen máis intervencións, a Corporación por 10 votos a favor do PSOE e do BNG e 7 en contra do P.P, adoptou o seguinte acordo:

1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a:

1. Proceder á derogación de dita norma.
2. Acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación cos representantes sindicais, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulo reais para a xeración de emprego de xeito inmediato.

2. Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentarios do Congreso de Deputados, Parlamento de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e Presidente da Xunta de Galiza.

B.- PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

15.- DACIÓN DE CONTAS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA: RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DENDE O Nº 75/12 ATA O Nº 145/12; ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (SESIÓNS DE 1, 8, 15, 22 E 29 DE MARZO DE 2012) .-

A Presidencia dá conta das Resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 75/12 ata o nº 145/12, e das actas das sesións da

Xunta de Goberno Local celebradas os días 1, 8, 15, 22 e 29 de Marzo de 2012.

A Corporación queda enteirada.

16.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo para dicir *“eu quería plantexarlle unha cuestión de orde que me gustaría que abordáramos algún día, si quere. É que bueno tiñamos aquel acordo que cando eran os debates de Presupostos ou das taxas, pois bueno precisamente era para aquilo, entón eu tiña unha moción de urxencia que non a vou a presentar porque evidentemente pois.....non me importa porque supoño que no Pleno xeral volveremos a recuperar a normalidade, entón si que gustaríame que, ó mellor o Sr. Voceiro do BNG non o sabía, que cando eran este tipo de Plenos pois eso (non se deberían presentar Mocións).*

Despois, outro tema tamén que podería estar ben é (como facíamos na Deputación) un pouco limitar pois ó mellor dúas mocións por Grupo, a non ser que xurdan evidentemente cousas que.....pero bueno, penso que pode estar mellor así.”

<<É un tema –**di o Sr. Alcalde-** que nunca se tratou no Barco porque nunca xurdiu que se presentaran tres mocións dun Grupo, por tanto é unha ocasión na que se presentaron e evidentemente eu metinas na Orde do día porque non había ningunha razón para non metelas. É certo que normalmente, por ser o Pleno dos Orzamentos, o debate forte son os Orzamentos, pero bueno tamén é unha cousa que non ten máis.....en fin vamos a ver qué pasa, qué sucede e si temos que tomar algún acordo pois nos reunimos e o tomamos.>>

E sen máis asuntos a tratar, a Presidencia pecha a sesión ás **vinteúnha horas e vinte minutos** do devandito día, estendéndose a presente Acta co Visto e Prace do Sr. Alcalde do que eu, como Secretario Acctal , dou fe.